

Título: “As Tecnoloxías da Información e Comunicación como unha experiencia de aprendizaxe no mundo”

Provocar o cambio, facer que o cambio suceda

Centro de Infantil e Primaria “Emilia Pardo Bazán”

É un centro público dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, situado na Coruña, nun contexto urbán de recente creación chamado “Los Rosales”, anteriormente era unha zona de baixa integración social; hoxe corresponde a unha zona residencial con xente xoven que ten unha gran participación na vida social de seu barrio así como en todo aquilo que concerne a educación dos seus fillos.

O centro educativo conta con dous edificios, un para **Educación Infantil** e outro para **Educación Primaria**, cun total de 616 alumnos/as sendo 217 de Infantil e 399 de Primaria. Na actualidade estánse facendo novos edificios para mellorar as infraestructuras e os espazos educativos o que permitirá acoller a máis alumnado.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipemiliapardobazan.coruna/>

Obxectivos

- Motivar ao alumnado para “aprender a aprender” e a convivir xuntos.
- Adquirir as técnicas instrumentais básicas (lecto-escritura, matemáticas...).
- Conseguir un bo nivel de competencia na lingua estranxeira, anticipando a súa aprendizaxe dende a etapa infantil.
- Potenciar o coñecemento do entorno próximo mediante a observación e a experimentación.
- Fomentar o uso da biblioteca e as novas tecnoloxías como fonte de información.



Ver en GoogleMaps

<http://maps.google.es/maps?t=h&hl=es&ie=UTF8&ll=43.376019,-8.427548&spn=0.001388,0.002411&z=19>

O centro destacáse pola integración das TIC na súa práctica educativa, exemplos:

A NOSA BIBLIOTECA DE AULA

Revista electrónica europea

<http://ejournal.eduprojects.net/CEIPpardobazan/>

Edublog TICTICTIC no que trataremos de reflectir a integración das novas tecnoloxías no noso traballo diario.

<http://toctictictic.blogspot.com/>

ENGLISH WITH ROSA

Do you want to practise your English?... This is the blog for you. Here you can read, write, play, sing, learn and have lots of fun... but all in English.

<http://rosenglish.blogspot.com/>

AULA BLOGUE. Blog dunha mestra de educación infantil do colexio Emilia Pardo Bazán

<http://maria-eduinfantil.blogspot.com/>

PROXECTO TOUPIÑAS. As toupiñas, xunto cos animais cos que se van tropezando, chegan ás aulas de 4 anos do Ceip Emilia Pardo Bazán na Coruña, e non pensan marchar tan pronto, teñen moitas cousas que contarnos..

<http://infantil5.blogspot.com/>

Como logran o cambio:

En todas as creacións de materiais didácticos e utilización das TIC existe una preocupación porque

o alumnado poida contar, narrar experiencias a través de textos, imaxes, sons etc. conectando todo aos recursos da chamada web 2.0 e fomentando a colaboración das familias e pais que polo feito de ser xoves son grandes coñecedores dos medios TIC.

A dimensión de aprendizaxe no mundo vese favorecida tamén polo apoio que se lle presta aos idiomas, o inglés en especial, por ser a linguaxe maioritaria en internet que permitirá relacionarse o alumnado coas informacións dos demais países do mundo.

A educación neste centro interpretase como unha labor de colaboración activa entre alumnado, familias e profesorado, aproveitando todos os recursos TIC coa fin de lograr unha renovación das metodoloxías didácticas, e cun compromiso moi elevado por parte do equipo directivo para lograr que a colaboración entre todos sexa unha experiencia enriquecedora que aporte ilusión, estímulo e motivación ao traballo educativo.

Estas experiencias positivas provocan renovación metodolóxica na práctica educativa e serven tamén para lograr un reforzo na colaboración a través do Centro de Formación e Recursos do Profesorado con outros centros educativos que necesiten coñecer experiencias de éxito para iniciar procesos de cambios ou melloras, de tal xeito que se logra o un maior impacto na formación do profesorado.

Resumen final, razóns para o éxito:

Colaboración activa e continua entre alumnado, familias e profesorado.

Utilización das TIC como un instrumento de aprendizaxe transversal e de comunicación coas familias e co mundo.

Importancia do aprendizaxe do idioma inglés, especialmente para as TIC.

Aprendizaxe en base ao traballo por competencias e proxectos.

Implicación do equipo directivo na utilización das TIC, comprometido con profesorado, alumnado e familias para crear un clima de colaboración activa, ilusión, motivación e recoñecemento.

Difusión para lograr un impacto por medio das TIC dos logros e melloras cunha dimensión a nivel europea que permitan o traballo entre diferentes escolas e culturas.

Colaboración co Centro de Formación e Recursos do Profesorado da Coruña para a formación do novo profesorado noutras escolas do ámbito.